

## CURSOS TEMPADA 2021-2022

### CURSO DE CINEMA

# Isto, antes, era o mundo

## Ficcións contemporáneas da estrañeza (2001-2021)

21 outubro 2021 – 19 maio 2022

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: José Manuel López

Lugar: salón de actos

Datas: do 21 outubro 2021 ao 19 maio 2022

Horario: XOVES de 19.30 a 21.00

Total sesións: 23 + 1 sesión a cargo de relatora convidada (por determinar)

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 5 de outubro

Prezio: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.



*Mulholland Drive* (David Lynch, 2001)

“Foi un día moi estraño... e estase a volver aínda máis estraño”

*Mulholland Drive* (David Lynch, 2001)

“Sería esta estraña realidade unha alucinación, tan real como o agora?”

*O estraño caso de Angélica* (Manoel de Oliveira, 2010)

Cando o século XXI non se volvea aínda definitivamente anómalo, o cinema xa incubaba o xerme dunha indefinible estrañeza finisecular que se colaba polas xunturas dos seus relatos fragmentados. Os cineastas había tempo que sentían, como todos nós, que algo no mundo contemporáneo estaba desaxustado e que, de xeito moitas veces inadvertido, se sucedían os “glitches” na matriz da realidade.

Neste curso analizaremos algunhas películas que nas últimas dúas décadas trataron de capturar esa confusión ou perplexidade ante o noso presente: alteridades e anomalías, alienacións e desdobramentos, desexos e fantasmagorías, amnesias ou prospeccións... Manifestacións, todas elas, do insólito e do estraño que, en ocasións, se internan no territorio do fantástico, ou polo menos, do inexplicable racionalmente, e colocan os personaxes fronte a novas realidades.

Unha parte do cinema do século XXI nace desa fenda ontolóxica entre unha realidade aparentemente cotiá e a súa imposible representación sen un factor de inestabilidade que a enturbe. Ese é o momento taxativo que buscaremos neste curso; cando a grecha se abre e permite albiscar o outro lado, ese momento que o cambia todo e que coloca os personaxes fronte á necesidade de aceptar e dar forma a outros mundos (que sempre están neste, como dicía Paul Éluard). Porque se unha idea cobrou forza nos anos transcorridos entre a crise financeira de 2008 e a crise sanitaria iniciada en 2020, é a necesidade de reclamar un horizonte e un porvir dos que fomos desposuídos. Visitemos, pois, outros mundos e aceptemos definitivamente a estrañeza como a “nova normalidade”.

---

## PROGRAMA / CALENDARIO SESIÓNS

### **Sesión 1** (xoves 21 outubro)

DESDOBRAMENTOS I / *Mulholland Drive* (David Lynch, 2001)

2

### **Sesión 2** (xoves 28 outubro)

FANTASÍAS I / *Waking Life* (Richard Linklater, 2001)

### **Sesión 3** (xoves 4 novembro)

AMNESIAS I / *Un hombre sin pasado* (Aki Kaurismäki, 2002)

### **Sesión 4** (xoves 11 novembro)

AMNESIAS II / *Paranoid Park* (Gus Van Sant, 2007)

### **Sesión 5** (xoves 25 novembro)

MERCADOTECNIAS I / *La cuestión humana* (Nicolas Klotz, 2008)

### **Sesión 6** (xoves 2 decembro)

FANTASMAGORÍAS I / *Finisterrae* (Sergio Caballero, 2010)

### **Sesión 7** (xoves 16 decembro)

ANHEDONIAS I / *Attenberg* (Athina Rachel Tsangari, 2010)

### **Sesión 8** (xoves 13 xaneiro)

FANTASÍAS II / *O estranho caso de Angélica* (Manoel de Oliveira, 2010)

**Sesión 9** (xoves 20 xaneiro)

CATÁSTASES I / *Take Shelter* (Jeff Nichols, 2011)

**Sesión 10** (xoves 27 xaneiro)

NAUFRAXIOS I / *Bird People* (Pascale Ferran, 2014)

**Sesión 11** (xoves 3 febreiro)

SINGULARIDADES I / *Ex Machina* (Alex Garland, 2014)

**Sesión 12** (xoves 17 febreiro)

XINECEOS I / *Una chica vuelve a casa sola de noche* (Ana Lily Amirpour, 2014)

**Sesión 13** (xoves 24 febreiro)

MERCADOTECNIAS II / *Cosmópolis* (David Cronenberg, 2015)

**Sesión 14** (xoves 3 marzo)

SINGULARIDADES II / *Sueñan los androides* (Ion de Sosa, 2014)

**Sesión 15** (xoves 10 marzo)

GINECEOS II / *Évolution* (Lucile Hadzihalilovic, 2015)

**Sesión 16** (xoves 24 marzo)

DESDOBRAMENTOS II / *Ahora sí, antes no* (Hong Sang-soo, 2015)

**Sesión 17** (xoves 31 marzo)

ANOMALÍAS I / *Anomalisa* (Charlie Kaufman y Duck Johnson, 2015)

**Sesión 18** (xoves 7 abril)

FANTASMAGORÍAS II / *A Ghost Story* (David Lowery, 2017)

**Sesión 19** (xoves 21 abril)

CATÁSTASES II / *El sacrificio de un ciervo sagrado* (Yorgos Lanthimos, 2017)

**Sesión 20** (xoves 28 abril)

FANTASMAGORÍAS III / *Vuelven* (Issa López, 2017)

**Sesión 21** (xoves 5 maio)

NAUFRAXIOS II / *High Life* (Claire Denis, 2017)

**Sesión 22** (xoves 12 maio)

ANHEDONIAS II / *Destello bravío* (Ainhoa Rodríguez, 2021)

**Sesión 23** (xoves 19 maio)

ANOMALÍAS II / *Annette* (Leos Carax, 2021)

## CV / NOTA BIO

**José Manuel López** (Vigo, 1974) é doutor en Comunicación e profesor asociado na Universidade de Vigo. Funda a revista de cinema *Tren de sombras* (2004-2008) e dende o ano 2007 ao 2017 forma parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du cinéma. España*). En 2008 coordina o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival de cine de Las Palmas e é autor de numerosos artigos, relatorios en congresos e capítulos de libros. Dende 2012 imparte cursos de cinema no MARCO Museo de Arte Contemporánea de Vigo e no CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. Impartiu, ademais, conferencias en espazos como o Master LAV, a ESCAC, o CGAI, a SEMINCI, o Festival de Málaga ou o Centro de las Artes de Sevilla. Ten comisariado exposicións e ciclos de proxeccións para Fundación Luis Seoane; Curtocircuito. Festival Internacional de cine de Santiago de Compostela; SOLAR - Galería de Arte Cinemática, ou Festival de Cine de Vila do Conde (Portugal). En 2020 recibe o premio ao mellor Ensaio escrito sobre Audiovisual Internacional na IV Edición dos Premios María Luz Morales, outorgados pola Academia Galega do Audiovisual.

---